

**DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL (QUENDA LIBRE)
CONCELLO DE VIGO – OEP 2014-2015-2016 (3ª FASE)****ANUNCIO**

Infórmase ós/ás aspirantes neste proceso selectivo que durante a realización do primeiro exercicio (cuestionario tipo test) que terá lugar o vindeiro SÁBADO, día 4 de setembro de 2021, ás 13:00h, no Frontón Cuberto do Complexo Deportivo das Travesas, observaranse as seguintes normas.

NORMAS DE ACCESO:

Na lista definitiva de aspirantes cada candidato/a ten asignado un número de orde (do nº 1 ó nº 61). Comprobe cal é o seu número e memoríceo ou apúnteo.


Accederán pola porta na que está sinalizado o seu número e a letra do primeiro apelido e, unha vez dentro, dirixiranse á cadeira que teña asignado ese mesmo número. O persoal de apoio e os/as membros do tribunal colaborarán para resolver calquera dúbida ó respecto e dar as indicacións que se precisen.

Lémbrese tamén que, de acordo coas Bases reitoras, a proba efectuarase en chamamento único.



ACCESO AO FRONTÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO AS TRAVESAS OEP 2014-2016: PROBA DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL





DNI E BOLÍGRAFO:

Deberán comparecer para a realización deste primeiro exercicio provistos/as dos seus respectivos DNI e cos seus propios bolígrafos. Ensinarán o DNI estendendo o brazo cara á persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso.

MATERIAL DE PROTECCIÓN COVID-19:

No momento de acceder ó recinto indícaráselle ó/á participante que lave as mans con solución hidroalcohólica. A cada aspirante lle será facilitada unha máscara cirúrxica que deberá substituír pola que leva posta. Desta forma garántese que todas as máscaras utilizadas son conformes á normativa e cumpren os valores requiridos de Eficiencia de Filtración Bacteriana. Se quere conservar a que leva posta, deberá ter previsto cómo gardala para non atrasar o chamamento.

Reitéranse as demais medidas de protección fronte ó contaxio da COVID-19 en procesos selectivos no Concello de Vigo contidas nos Protocolos publicados na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=364&lang=ga>).

CERTIFICADOS DE ASISTENCIA:

Os certificados de asistencia, de precisalos ós/ás aspirantes, expediranse ó final do exercicio.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 37989/220

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 31/08/2021 09:24

Páxina 3 de 4

CSV: 26E6D8-D785BE-CEAD3E-1NJ5P7-3YDSNH-EH

OUTRAS NORMAS:

Durante a realización da proba todos os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, smartwatches, tablets, etc.) terán que estar totalmente apagados/desconectados.

Para o bo orden no desenvolvemento da proba e evitar molestias ós/ás demais aspirantes, deberán permanecer nos seus sitios desde o inicio do exercicio e ata a finalización do mesmo.

Vigo, [data da sinatura electrónica]
O SECRETARIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN
Asdo.: Gustavo Rodríguez Bartol



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 31/08/2021 09:24

Páxina 4 de 4

Expediente 37989/220

CSV: 26E6D8-D785BE-CEAD3E-1NJ5P7-3YDSNH-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>